

MEMORIA DE ACTIVIDADES NO 2017

A FUNDACION NOVAS afrontou en 2017 o seu vigésimo cuarto ano de andaina cos obxectivos de facilitar axudas académicas aos estudantes universitarios e proporcionar apoio económico para o desenrolo cultural e educativo da parroquia de Beluso, no concello pontevedrés de Bueu, cumprindo cos fins recollidos nos estatutos fundacionais da nosa entidade benéfico-docente.

O Presidente do Padroado da FUNDACIÓN NOVAS, D. Jesús Portela Medraño, cumprindo un acordo do resto dos integrantes da directiva da nosa entidade, recolleu diversas propostas para investir o capital da Fundación e poder obter un maior rendemento para así poder adicar os cartos aos fins establecidos nos nosos Estatutos. Tras analizar, previa consulta coa asesoría xurídica e financeira coa que traballamos, o Padroado tomou o acordo de seguir mantendo diversificado este capital. Este plantexamento faixe co fin de garantir o capital social en caso de que houbera problemas de solvencia ou doutro tipo nas entidades financeiras coas que traballamos.

Por outra parte, o Padroado da Fundación tomou o acordo de seguir concedendo unha axuda de 350,00 euros ao Colexio Público de Beluso. Esta axuda adícase á organización e financiación, xunto con outras entidades sociais e culturais, da Semana Cultural das Letras Galegas, que todo-os anos ven de realizarse neste Colexio, cun salientable éxito de participación. Así mesmo síguese co sostemento do equipo de fotocopiadora e os seus consumos da biblioteca e a conexión a internet.

O Padroado da Fundación Novas tomou tamén o acordo de aportar unha axuda de 500,00 euros ó Clube Nautico de Beluso para a organización das suas actividades deportivas cos escolares.

Como xa ocorrira o pasado ano, o Padroado da Fundación tomou o acordo de conceder 600 euros á organización do Festival de Curtametraxes de Bueu. Estes cartos premian á mellor curtametraxe galega presentada a este concurso internacional de cine.

PADROADO DA FUNDACIÓN

O Padroado da Fundación Novas rexistrou un cambio na súa composición logo de falecer o vocal do padroado D. José Otero Baena o día 07/02/2017.

O Padroado da Fundación Novas non rexistrou ningún cambio na súa composición dende o 30/06/2017 e segue a estar formado polas seguintes persoas:

Presidente: D. Jesús Portela Medraño

Vicepresidente: D. Francisco León Gómez

Tesoreiro: D. Manuel Novas Rey

Secretario: Dña. María Luisa Reboiras Heras

Esta é a Memoria Social de Actividades do ano 2017 da Fundación que presido.

D. JESUS PORTELA MEDRAÑO

Presidente do Padroado